



## SUBVENCIONS A ASOCIACIONES PROFESIONAIS DE ARTESANS

DOG 61 do 28/03/2011 Orden 10/3/2011. C. de Innovación e Industria.

---

**DATA REMATE: 28/04/2011**

### **Contía da Subvención:**

Ata o 70% do investimento subvencionable. Maximo 35,000€ por entidade

### **Beneficiarios:**

Asociacións profesionais de artesáns cun mínimo de 10 asociados/as con carta de artesán

### **Conceptos Subvencionables:**

- A) Equipos de mellora lóxística e de comunicacións: Equipo para procesos de informatización (maximo 1 unidade), creación de redes de comunicación e interconexión con outras asociacións, centros de xestión e distribución, plataformas para facilitar o comercio electrónico. Proxectos de agrupacións e central de compras e servizos, estudos de viabilidade.
- B) Divulgación e promoción de produtos: Catálogos ou calquera soporte publicitario (DVD/CD...), rótulos, valos publicitarios, edición de material impreso, audiovisual sobre produción artesanal. Gastos de deseño, creación e contratación de dominio para web.
- C) Participación con caseta propia nas feiras profesionais (contrato de espazos, construción de caseta e mobiliario, transporte, montaxe, seguros, enerxía, persoal de atención ao público, interpretes, desprazamentos e aloxamentos de 2 persoas, publicidade e publicacións relacionadas co evento).
- D) Incorporación do deseño ás novas liñas de produto. Colaboración con axentes externos e honorarios de consultores e custes para prototipos.
- E) Actividades de orientación e información comercial, organización de conferencias, xornadas técnicas, mesas redondas orientadas para o fomento do desenvolvemento do sector. (Maximo 5000€ por cada actuación)